

ORACIÓN E FRASE; SUXEITO E PREDICADO

Que é unha oración?

As oracións son enunciados que **teñen polo menos un verbo**.

Por exemplo: **Teño** sono. / A casa **estaba** valeira.

A frase NON TEN VERBO.

Por exemplo: ¡Ben! / ¡Urra!

En toda oración dise algo dunha persoa, animal ou cousa. As oracións teñen unha estrutura que está formada por dúas partes:

O SUXEITO E O PREDICADO.

- O suxeito é a persoa, animal ou cousa da que se di algo.
- O predicado é o que se di do suxeito.

Lembra: todo o que non é suxeito, é predicado.

O SUXEITO

Para recoñecer o suxeito dunha oración hai que preguntar ao verbo Quen? Ou Quenes?

Por exemplo: Carlos cociña moi ben. (Quen cociña moi ben? = Carlos)

Todas las oracións teñen suxeito, aínda que ás veces non esta escrito. Si o suxeito non está escrito chámasele **SUXEITO IMPLÍCITO**.

Por exemplo: Comeu moito (Quen comeu moito? = El ou ela) O suxeito aquí non está escrito, pero si existe.

O substantivo principal, o pronome, ou o nome é o **núcleo del suxeito**.

O PREDICADO

O predicado dunha oración é o que se di do suxeito. O predicado pode ter unha ou varias palabras.

Por exemplo: Luís traballa / Luís traballa na casa os luns.

O verbo é o núcleo do predicado.

O que está ao redor do verbo son complementos.

EXERCICIOS:

1.- Clasifica estes enunciados, segundo sexan frases ou oracións:

Eu sei tocar a gaita.

Saia por aquí.

Que prezos!

Gañei a partida!

Saída de incendios.

Que ben!

Olé!

¿Quen é?

Ata outro día.

FRASES	ORACIÓNS

2.- Ordena as palabras e forma unha oración. Despois separa o suxeito e o predicado.

coche, eu, novo, un, teño = eu teño un coche novo

S

Predicado

parchís, xogamos, partida, nós, unha ao =

amigos, os, perdéronse, meus, monte, no =

Álvaro, día, durmiu, o, todo =

3.- Subliña de azul o suxeito e de vermello o predicado de cada oración:

- a) O teu amigo marcha luns a París.
- b) O fillo de Alex non veu á escola.
- c) As mazás e peras do froiteiro están podres.

4.- Separa o suxeito e o predicado, e logo sinala o núcleo do suxeito e do predicado:

- a) Luisa xoga todos os domingos ao baloncesto.
- b) Os meus veciños teñen un can perigoso.
- c) Estivo onte na casa con miña aboa.
- d) Esta mañá saíu o sol moi cedo.
- e) Este ano gañaremos o concurso dos Maíos.
- f) Os rapaces do colexio xogan moi ben ao tenis.
- g) Non volvas a protestar.